

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 28 DE MAIO DE 2012. Nº 06/2012.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)

D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P.)

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO. (P.P.)

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.(P.P.)

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P.)

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (P.P.)

D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO. (P.P.)

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (P.P.)

D^a MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P.)

D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA. (P.P.)

D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ. (P.P.)

D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)

D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG-PSOE)

D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE)

D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)

D^a BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)

D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO. (BNG)

D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ. (BNG)

D. CAMILO CONDE LÓPEZ. (PGD)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente de transferencia de créditos núm. 2-T/2012.....	páx. 6
4.- Expediente da prórroga das obras de Rehabilitación do Pazo de Liñares.....	páx. 8
5.- Expediente do Regulamento de creación de ficheiros de datos de carácter persoal de "Videovixilancia" do Concello de Lalín.....	páx. 13
6.- Comparecencia do Sr. Concelleiro Delegado de Facenda.....	páx. 14
7.- Mocións do PSdeG-PSOE:	
7.1.- Moción do PSdeG-PSOE relativa ó desenvolvemento do Pacto Local.....	páx. 16
7.2.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de comparecencia do Sr. Alcalde para analizar os datos actuais do paro en Lalín e as medidas adoptadas dende o goberno municipal.....	páx. 18
7.3.- Moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de comparecencia do Sr. Alcalde sobre a repercusión na recadación do IBI acordada polo Real Decreto Lei 20/2011, do 30 de decembro.....	páx. 20
8.- Moción do BNG en defensa do ensino público galego.....	páx. 21
9.- Rogos e preguntas.....	páx. 23

=====

Sendo as dez horas do día 28 de maio de 2012, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente titular, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*; tamén asiste a Interventora *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do *Sr. Presidente* e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión extraordinaria do Concello Pleno do día 2 de maio de 2012. De seguido, o *Sr. Presidente* preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión extraordinaria do día 2 de maio de 2012, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

3.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 2-T/2012.

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que inclúe a Proposta da Alcaldía e informe de Intervención. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 24 de maio de 2012.

Na rolda de intervencións, o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, explicou o expediente. Afirmou que o mesmo debíase a que *D^a Paz Pérez Asorey* foi nomeada para un posto na Subdelegación do Goberno de Pontevedra en materia de violencia de xénero. Aproveitando esta ocasión, os cartos previstos nos orzamentos para esta dedicación exclusiva agora destinaríanse a obras de conservación e de mellora na rede viaria, a partidas nas que faltaban cartos, e ás que seguramente ao fin do exercicio habería que suplementalas, porque aínda faltaba o Plan Provincial de Cooperación por consignar.

En canto ós labores e funcións da dita concellería, afirmou que só deixaría libre o soldo, e que o equipo de goberno, el mesmo incluído, axudaría á dita edil no desempeño das ditas funcións, é dicir, o traballo desa delegación repartiríase entre os seus compañeiros.

A el non lle quedaba máis que agradecerlle á dita edil o esforzo que faría de agoara en adiante.

Polo grupo socialista, *D. Manuel María González Aller*, indicou que estaba de acordo coa proposta, aínda que coidaba que a cantidade era insuficiente para que os veciños puideran ter outros servizos.

Tamén estaba de acordo coas obras ás que irían destinadas ese importe: a conservación de camiños e vías; pero ademais, eles querían que se dedicasen máis cartos a outras obras en xeral e por iso seguían a pedir unha redución dos gastos orzamentarios destinados á Alcaldía, tales

como o gasto do coche, os do chofer e os do gabinete, que parecen os dun conselleiro. Tras escoitar esas verbas do Sr. Alcalde e de que as funcións vanse manter e repartir entre os restantes membros do equipo de goberno tiñan varias dúbidas: *¿Foi necesario realmente contar durante estes anos de atrás cunha dedicación exclusiva de servizos sociais? ou: ¿por qué se creou e se mantivo durante tantos anos esta dedicación, se esas funcións se podían repartir entre os membros do grupo de goberno?*

Tamén desde o grupo nacionalista, **D. Xesús Cordeiro Budiño** posicionouse a favor do expediente. Apoiou as verbas do voceiro socialista, e consideraba que ademais había moito máis que arranxar, xa que había que meter os datos do plan provincial. Criticou que non se contase coa oposición para destinar a estas partidas de conservación de camiños o importe da dedicación exclusiva en debate e que non se dialogase. Neste contexto, pola contra os servizos sociais se foron reducindo continuamente.

Rematou afirmando que a oposición estaría disposta a participar e a colaborar en moitos aspectos, entre eles, as obras no rural.

Tamén **D. Camilo Conde López** do PGD dixo estar de acordo en xeral coa proposta. A temática da violencia de xénero era importante, pero sempre había que partir da base de que elo non fose en detrimento dos servizos sociais municipais, aos que había que priorizar, apoiar e mesmo colaborar nos aspectos que fosen necesarios. Parecéulle ben.

Brevemente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, dixo que entendía a postura do PSOE para desgastar ao grupo de goberno. Tampouco pretendía coincidir co dito partido, pero o custe do equipo político do Concello de Lalín era dos máis baratos de Galicia. Había moitos concellos de todas as cores políticas, que contaban con máis persoal e con máis dedicacións exclusivas ca Lalín. Afirmou que o Concello de Lalín era dos máis austeros. El mesmo como Alcalde estaba moitas tardes no Concello, e dedicaba moitas horas, igual ou máis que as que dedicou ao comezo cando foi Alcalde. Había edís que pola mañá acuden ao seu traballo e polas tardes veñen ás delegacións do Concello. Só había dúas delegacións exclusivas agora: a del mesmo e a de **D. Antonio Rodríguez Rodríguez**.

Lalín tiña a sorte de que **D. Camilo González Bodaño**, sen ter dedicación exclusiva, traballaba como antes.

Ofreceu aos membros da oposición elaborar un estudo a fin de cada ano para comparar os gastos dedicados a equipos políticos en distintos concellos. Tamén animoulles a vir algunha tarde ao Concello e ver como se move o mesmo. Sinalou como exemplo que este fin de semana, foi el quen se encargou de representar ó Concello nos partidos do balonmán, dentro do Campionato de España da categoría cadete, porque o edil delegado, **D. José Domínguez**, non puido asistir.

De novo **D. Manuel María González Aller** ratificouse no xa dito. Doutra banda quixo clarear as verbas pronunciadas polo Sr. Alcalde en relación coa postura do seu grupo co Lalín Arena. Eles non estaban en contra desta instalación, senón que discrepaban porque a mesma foi moi cara para o que Lalín necesitaba, e por suposto estaban en contra da hipoteca que durante corenta anos cargaría as arcas municipais pola dita concesión. Reiterou que era unha barbaridade para unha barbaridade polo seu importe e pola forma empregada.

Tamén discrepaba cas verbas do Sr. Alcalde sobre os custes do gabinete da Alcaldía. Dixo que eses gastos eran excesivos, coche oficial, choferes, gabinete. Se había moito traballo, había que organizarse doutro xeito.

Dende o BNG, **Xesús Cordeiro Budiño** pedíulle ao Sr. Alcalde que aplicase o regulamento de intervención empezando por el mesmo. Tamén pediu que se limitase o debate ó punto da orde do día e non falar doutros temas. Volveu dicir que estaban a prol da proposta, pero que a oposición debía participar no destino deses gastos nas partidas para as obras das pistas e conservación de infraestruturas.

Tamén **D. Camilo Conde López** volveu a falar para ratificarse nas verbas xa ditas antes.

Finalmente **D. Xosé Crespo Iglesias, Alcalde-Presidente**, dixo que non se podía meter todo o equipo político á Alcaldía, porque o gabinete realizaba o seu traballo para todo o grupo de goberno, para os distintos concelleiros delegados, e invitou a vir aos membros da oposición polas tardes para que vexan o traballo, non para espiar, senón para coñecer.

Por alusións, **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** dixo que os espías serían as cámaras de videovixilancia e a función que facían.

Rematou **D. Xosé Crespo Iglesias, Alcalde-Presidente**, destacando en que no Concello só quedaban agora dúas dedicacións exclusivas no grupo de goberno, e que os gastos que ocasionaba o gabinete debíanse atribuír a todo o grupo de goberno, e non só a el. Estes importes eran equiparables, e incluso inferiores aos doutros concellos similares de Galicia.

Sometido o expediente a votación ordinaria a man alzada aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, vinteún concelleiros, que inclúe catorce do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

Xa que logo, **aprobouse a proposta do Sr. Alcalde**, con base nos seguintes antecedentes:

Por decreto desta Alcaldía de data 24 de abril do ano en curso aceptei a renuncia da Sra. Concelleira delegada de Benestar e Emigración, *D^a M^a Paz Pérez Asorey*, á dedicación exclusiva e ás retribucións económicas que tiña asignadas a proposta desta Alcaldía aprobada polo Pleno do Concello na sesión do 15 de xuño de 2011.

A citada renuncia, como consecuencia do nomeamento da concelleira para o cargo de Xefa da Unidade contra a Violencia sobre a Muller, dependente da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, supón para o Concello de Lalín un aforro para o ano en curso duns 24.800 €, sendo vontade desta Alcaldía destinar a citada contía á realización de traballos de mantemento da rede viaria municipal.

Como consecuencia do exposto, diante a necesidade de acomoda-los créditos de determinadas partidas orzamentarias ós gastos que se prevén, e de acordo co disposto nas Bases de Execución do Presuposto Xeral do Concello con base na documentación do expediente.

Xa que logo, o Pleno da Corporación ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar o expediente de transferencia de créditos núm.2-T/2012, correspondendo ao Pleno da Corporación a súa aprobación por consistir en transferencias entre partidas que pertencen a distintas áreas de gasto, nos termos seguintes:

A) - APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS DAS QUE SE TRANSFIRE CRÉDITO:

Aplicación	Denominación	Importe €
912.100.00	Retribucións básicas órganos de Goberno	24.800,00
	TOTAL BAIXAS.....	24.800,00 €

B) - APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS QUE RECIBEN CRÉDITO:

Aplicación	Denominación	Importe €
453.210.00	Estradas. Reparación, mantemento e conservación de infraestruturas e bens naturais	15.000,00
453.221.99.01	Estradas. Subministro doutro material	3.800,00

454.210.00	non inventariable Camiños Veciñais. Reparación, mantemento e conservación de infraestruturas e bens naturais	3.000,00
454.221.99.01	Camiños Veciñais. Subministro doutro material non inventariable	3.000,00

TOTAL AUMENTOS..... 24.800,00 €

O importe dos créditos que se pretenden minorar é igual ós dos créditos a incrementar, polo que se conserva o equilibrio presupostario esixido polo artigo art.16.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- EXPEDIENTE DE PRÓRROGA DO CONTRATO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO PAZO DE LIÑARES.

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que inclúe a solicitude da UTE Liñares (empresa contratista) e o informe da dirección de obra emitido para o efecto. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 24 de maio de 2012.

Na defensa deste expediente, o voceiro do grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González**, explicou que a proposta de ampliación do prazo obedecía á necesidade de realizar un modificación do proxecto para o que houbo que obter os permisos correspondentes de patrimonio, os cales se atrasaron e motivaban esta petición de ampliación Do prazo de duración do contrato.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** reiterou que o seu grupo estaba a favor de rehabilitar este edificio. Era importante que remate ben a obra e que vaia ben a súa restauración.

Tamén o voceiro nacionalista, **D. Xesús Cordeiro Budiño** amosou o seu parecer favorable á proposta.

Desde o PGD **D. Camilo Conde López tamén** sostivo unha postura positiva para que a obra se realice o mellor posible, evitando gastar cartos innecesarios e que se restaure ben.

Sometido o expediente a votación ordinaria a man alzada aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes, vinteun concelleiros, que inclúe catorce do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

En consecuencia, **aprobose a proposta**, con base nos seguintes antecedentes:

Visto o expediente de rehabilitación do Pazo de Liñares e o escrito de data de 3 de maio de 2012 e nº de rexistro 3225 do 11-5-2012, formulado pola UTE LIÑARES solicitando un aumento do prazo de duración das obras de tres meses.

Tendo en conta que o Concello de Lalín tramitou previamente diante da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico-Artístico de Pontevedra a autorización para acometer uns cambios no proxecto, en concreto no sistema de vigas, e que con data 14 de marzo de 2012 o antedito organismo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria emitiu resolución favorable.

Visto que o 12 de abril de 2012 a dirección de obras solicitou autorización a este Concello para a redacción dun proxecto modificado, incorporando os ditos cambios autorizados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e que o Concello por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión de 19 de abril de 2012 accedeu a esta petición.

Visto o informe emitido pola Dirección Facultativa de data 21 de abril de 2012 relativo á ampliación do prazo de execución das obras de Rehabilitación do Pazo de Liñares en tres meses sobre o contrato asinado no seu día coa UTE LIÑARES.

Por estes motivos, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Modificar o contrato de obras denominado “Rehabilitación do Pazo de Liñares”, incrementando o prazo de execución das obras en tres meses adicionais ó prazo inicial de dezaioito meses previsto na cláusula terceira do contrato administrativo asinado o día 21 de marzo de 2011 coa empresa contratista UTE LIÑARES con CIF V-94039351.

Segundo.- Facultar indistintamente ao Sr. Alcalde-Presidente, *D. Xosé Crespo Iglesias*, e ao Sr. *Concelleiro Delegado de Facenda D. Manuel Gómez Estévez* para a sinatura do contrato de obras modificado.

Terceiro.- Tramitar e comunicar o presente acordo ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia, organismos cofinanciadores das obras de Rehabilitación do Pazo de Liñares.

5.- EXPEDIENTE DO REGULAMENTO DE CREACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL “VIDEOVIXILANCIA” CONCELLO DE LALÍN.

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que consta do borrador do Regulamento de creación do ficheiro de datos de carácter persoal de “Videovixilancia do Concello de Lalín”. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 24 de maio de 2012.

Explicou este punto da orde do día o Sr. Alcalde-Presidente, *D. Xosé Crespo Iglesias*. Indicou que no expediente das cámaras de videovixilancia non houbo intención algunha de transgredir a normativa vixente. Fixo historia do tema e explicou que a empresa contratista entregou o edificio do Concello en funcionamento, e as cámaras ían dentro da mesma. Logo pasou que funcionaban de xeito irregular, porque unhas cámaras gravaban e outras, non. Houbo ademais problemas coa informática e algunhas deficiencias nas instalacións que houbo que subsanar. As cámaras teñen unha garantía dun ano, para ver os defectos posibles. A empresa subcontratada estivo facendo as comprobacións das cámaras.

No mes de decembro pediuse a autorización correspondente, cando xa empezaban a funcionar. A Subdelegación do Goberno de Pontevedra respondeu positivamente no mes de abril, dando permiso para o video, non para o audio.

As imaxes gravadas estaban no arquivo da Policía Local. O período normal de adaptación e posta

a punto dun edificio destas características era dun ano. As cámaras gravaban cada corenta e oito horas. Son de calidade, ou polo menos iso é o que lle dixeron os da empresa. Hai tamén outros problemas por exemplo coa alarma, que aínda non se controla e que ás veces sona, ou irregularidades no tema das luces, e por iso agora se pensa en poñer flexos para evitar acender tantas luces e aforrar enerxía.

Reiterou que no mes de decembro do pasado ano, cando xa funcionaban ben as cámaras, se pediu a autorización gubernativa; logo en marzo deste ano houbo a reunión da comisión correspondente que a informou positivamente e finalmente veu concedida.

Dixo que había un total de dez cámaras: nove fóra do edificio e unha no garaxe.

Desde o grupo socialista **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** afirmou que a eles non lle preocupaban se unhas cámaras funcionaban e outras non. O grave realmente era que as ditas cámaras gravaron sen autorización gubernativa, algo que era preceptivo para empezar a traballar. Lembrou que no mes de decembro o seu grupo preguntou nunha sesión plenaria e contestáronlle que funcionaban as cámaras, e que estaban baixo o control da Policía Local, que mesmo desde o coche podía vixilar. *“Na contestación afirmouse que as cámaras funcionaban, todo isto a pesar de que non tiñan autorización”*, reiterou.

Lembrou que preguntou ao **Sr. Secretario** tamén na sesión da comisión informativa, e este funcionario non lle puido dicir con exactitude, se foi en abril ou en maio cando veu a autorización.

Sostivo que as cámaras, cando gravaban sen a autorización preceptiva, atacaban a dereitos importantes das persoas, como era o dereito á intimidade e outros.

Doutra banda tampouco vían a necesidade de que houbera cámaras neste edificio, e menos en horario de traballo. A lei permíteas para evitar nestas instalacións delitos, pero en Lalín que eles souberan, non había tantos delitos para xustificar estas cámaras. En todo caso, preguntou sobre o número de feitos delictivos que se tiñan cometido nestes anos nas inmediacións do Concello de Lalín.

Xa respecto ao texto do regulamento dixo discrepar do mesmo por canto na redacción das atribucións aparecían difuminadas as responsabilidades polo uso e garda das gravacións. É dicir non había persoas concretas responsables por estas funcións de gravar, e custodiar as imaxes; referíase dun xeito ambiguo ao Concello e á Policía Local para estes casos, sen atribuír a persoas concretas ou a cargos a responsabilidade. Había que concretar máis e atribuír a responsabilidade a determinadas persoas ou cargos.

Desde a Presidencia, **D. Xosé Crespo Iglesias** rexeitou estas verbas. Para el, o regulamento estaba copiado doutros concellos e aquí non se inventaba nada.

Continuando a súa intervención, **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** reiterou que estaban pouco concretas as responsabilidades dos que manexaban e custodiaban a información gravada. Doutra banda criticou que non se deu participación algunha á oposición para elaborar esta norma.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** coincidiu co voceiro socialista en valorar negativamente esta iniciativa, de contar coas cámaras de videovixilancia. Coidaba que Lalín non era, nin podía converterse nun *“Gran Hermano”*.

Doutra banda o regulamento era floxo, e non ía ao fondo do tema. O modelo era un regulamento tipo calcado doutros lugares.

Consideraba que non se necesitaban estas cámaras, porque non había conflictividade algunha. Con isto, perdía funcións a policía local, xa que unha soa persoa dedicaríase a estas funcións e desatendería outras cousas e servizos.

Pola contra entendía que había outros servizos que eran máis necesarios como puntos de luz nas aldeas, a algunhas afectadas polo AVE que había que atenderen. Isto parecíalle un despilfarro dos cartos públicos.

En suma pensaba que o Concello tiraba os cartos, e coa excusas de protexer aos veciños, deixa de atender aos veciños e outros servizos máis necesarios.

Finalmente reiterou que o Concello de Lalín non necesitaba contar con estas cámaras, á vista a

casuística do que aconteceu no anterior edificio, cos escasos actos delictivos e coa ausencia de infraccións etc..

As cámaras xeraban sempre polémica, segundo **D. Camilo Conde López**, do PGD. Era certo que en algúns concellos habíanas e non pasaba nada. Coidaba que debía haber un responsable claro da custodia e de emprego das imaxes captadas. En resumo via positivamente contar coas cámaras, pero tamén advertiu que conlevaban os seus riscos. Por elo pediu ao grupo de goberno que, á vista da suma destes factores, reflexionase sobre estas cámaras. Absteríase.

Na segunda rolda **D. Xosé Crespo Iglesias** como voceiro do seu grupo, criticou que o PSOE alá onde gobernaba si que aprobaba e contaba con estas cámaras; en cambio cando gobernaba o PP, todo eran críticas e segundo aqueles non podían telas. Por elo consideraba una irresponsabilidade a postura da oposición. Dixo: “*Se remo, porque remo e se non remo, porque non remo*”.

Citou ao Concello de Santiago onde había cámaras nas vías públicas e nos espazos públicos. Dixo que: “*hoxe todos os edificios públicos teñen vixilancia*”, citando á Subdelegación do Goberno cando ostentaba este cargo **D. Delfín Fernández Álvarez**.

Coidaba que isto non ía ser un Gran Hermano. Ás veces hai necesidade de contar con vixilancia en determinadas zonas, como eran os polígonos industriais, nos que había roubos.

Noutros concellos non había cámaras; isto era certo; pero elo sucedía porque non tiñan cartos para compralas e para mantelas. Estaba demostrado que as cámaras de vixilancia xeraban unha maior seguridade entre os veciños, e daba lugar a unha menor comisión de delitos e faltas.

Lembrou que con ocasión da desaparición de dous irmáns, en Córdoba, no parque público había cámaras e grazas a elo se tiñan máis datos, sen saber a cor política da dita Corporación.

Apuntou **D. Román Rodríguez González** que o dito Alcalde era de Esquerda Unida.

Continuou coa súa intervención **o Sr. Alcalde-Presidente**. Indicou doutra banda que as cámaras estaban dentro do proxecto da Casa Consistorial; metéronse polos técnicos arquitectos redactores do mesmo. “*A máis cámaras, menos delincuencia*”, afirmou. Se houbera cartos el as poría nos dous polígonos de Botos e Lalín 2000 e tamén nalgúns tramos do paseo do río Pontañas, en concreto na zona do lago do antedito río e tamén á altura do xardín botánico, lugares onde tiñan lugar actos vandálicos que destrozaban o mobiliario urbano. Para evitar isto, anticipou que o Concello solicitou e pediu unha subvención para poder así instalar cámaras de videovixilancia.

En suma era este un tema polémico, pero había que destacar que estaba demostrado que a súa instalación incidía nunha redución da delincuencia.

Tamén **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** volveu reiterar e a preguntou sobre o número de actos delictivos que se cometeron nos últimos anos no Concello, especialmente no anterior edificio municipal, xa que a el non lle constaba que houbera tantos que xustificasen estas cámaras.

Repetiu que o certo foi que desde decembro do ano pasado ata o mes de abril deste ano as cámaras estiveron gravando imaxes sen permiso ou autorización gubernativa.

Respondeu **D. Xosé Crespo Iglesias**, afirmando que as cámaras xeraron problemas na súa posta en funcionamento ata decembro do ano pasado. Insistiu en que non estiveron operativas ata o dito mes, e que cando empezaron a funcionar se pediu autorización gubernativa. Doutra banda criticou que os concellos gobernados por equipos socialistas as poñían ou cando xa estaban postas, non as quitaban.

Volveu intervir **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** para preguntar: ¿cantas horas estiveron gravando? ¿onde foron as gravacións? Insistiu en que non había necesidade algunha de contar con cámaras no Concello, e por elo tampouco xustificación algunha para telas funcionando.

Sometido o expediente a votación ordinaria a man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PGD.

Votos en contra: seis (6), sendo catro do PSdeG-PSOE e dous do BNG.

Abstencións: unha (1) do PGD.

En consecuencia, **aprobose** o expediente, e o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o **REGULAMENTO DE CREACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL “VIDEOVIXILANCIA DO CONCELLO DE LALÍN”**, que consta de doce artigos e o Anexo 1 no que se describe o contido de do ficheiro “Videovixilancia Municipal”.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o expediente, conforme determina o artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo prazo trinta días, a efectos de que durante o mesmo poida ser examinado e presentar, no seu caso, as alegacións ou reclamacións e suxerencias ao mesmo.

TERCEIRO.- No suposto que non se presentasen alegacións ou reclamacións ao mesmo, entenderase aprobado o expediente definitivamente, sen necesidade de adoptar un novo acordo, e realizáranse os trámites necesarios para a súa entrada en vigor.

6.- COMPARECENCIA DO SR. CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA SOBRE AS DÉBEDAS DA EMPRESA GESLANDER CO CONCELLO DE LALÍN.

Deuse conta pola Presidencia da aprobación polo Pleno Municipal na sesión do 2 de maio de 2012 da comparecencia do Sr. Concelleiro Delegado de Facenda contida na moción do grupo municipal socialista do 23 de abril de 2012 presentada o día 24 de abril co número de rexistro 2714 con ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do 26 de abril de 2012.

Comezou o voceiro socialista, **D. Manuel M^a González Aller** explicando que tendo en conta que a Alcaldía respondeu á súa petición de documentación sobre este asunto dándolles unha data posterior a este pleno, e que a día de hoxe, por iso precisamente, carecían dos datos necesarios para formular as preguntas desa comparecencia. Por iso solicitaban que a comparecencia se faga realidade na vindeira sesión plenaria.

Desde o grupo de goberno o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** non vía eses motivos para aprazar ata a vindeira sesión este debate. Para el, *“isto era rizar máis o rizo”*. Inicialmente indicou que se puxo a data de acceso á documentación tendo en conta o funcionamento do Concello. Despois veu dicir que o grupo de goberno non era parvo neste tema.

Tamén o que ía comparecer, **D. Manuel Gómez Estévez**, edil delegado de facenda dixo “non ser parvo tampouco”, e que non lles fan dar previamente información para “zorregar”.

Tras debater sobre este asunto os tres anteriores e **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez**, por unanimidade dos asistentes acordouse pospoñer ata a vindeira sesión do mes de xuño a comparecencia de D. Manuel Gómez Estévez sobre as débedas da empresa Geslander co Concello de Lalín.

7.- MOCIÓNS DO PSDEG-PSOE.

7.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVA Ó DESENVOLVEMENTO DO PACTO LOCAL.

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista do 14 de maio de 2012 rexistrada o día 16 de maio co número 3306. A continuación o *Sr. Secretario* deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do 24 de maio de 2012.

Desde o grupo socialista, o seu voceiro **D. Manuel María González Aller** explicou que a situación de crise económica na que vivía a sociedade facía reflexionar e volver pensar nas funcións, actividades e servizos que prestaban os Concellos. Había unha serie de competencias impropias e de funcións que os concellos desempeñaban sen ter obriga legal para elo. O Pacto Local fíxose para empezar a traballar neste eido. Como froito dos traballos realizados aprobouse hai uns anos que os gastos de calefacción dos centros docentes fosen sufragados pola Xunta de Galicia. Pero aínda quedaban outros por asumir pola administración autonómica. Por iso presentaron a moción, unha iniciativa tipo remitida polo partido, pero que quería contribuír a que os concellos presten e realicen as actividades que lle son propias, que lles corresponden e non as alleas e que deben ser exercidas por outras administracións.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo tamén que o seu grupo estaba a favor da moción. Coidaba que eses gastos de competencias impropias non debían recaer nos concellos, porque eran competencias da Xunta de Galicia.

O concelleiro do PGD, **D. Camilo Conde López** participaba desta mesma idea, e adiantou o seu voto a favor.

Desde o grupo popular o seu voceiro, **D. Román Rodríguez González** explicou que había unha serie de competencias impropias, que en realidade eran competencias compartidas entre os concellos e a administración autonómica. A FEMP fixo un estudo para clarexar a quen lle correspondería prestar estes servizos e funcións impropias.

Citou que no período 2006-2009 co goberno bipartito no poder, non houbo vontade de sacar adiante esas medidas do Pacto Local, e só asumiu o tema do gasoil dos centros docentes. Daquela podía dicir que o anterior goberno tivo máis recursos e menos vontade ca este goberno actual de desenrolar o dito pacto.

Agora o goberno que hai da Xunta de Galicia, malia que ten menos cartos co anterior, aínda así dedica o 30% do seu orzamento a área de educación. O goberno bipartito anterior en tres anos e medio non acordou nada novo sobre este eido, por exemplo non construíu ningún centro de saúde.

Agora este goberno construíu 37 centros de saúde, e levou a cabo tamén reformas nos Xulgados de Paz, e continua asumindo o gasoil dos centros docentes. Reiterou que a Xunta de Galicia reduciu o seu orzamento pero mantivo iso.

Por alusións, **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** dixo que foi un logro manter o gasoil a actual Xunta de Galicia.

De novo **D. Manuel María González Aller** lamentou a posición do grupo de goberno neste tema, que en vez de reclamar á Xunta de Galicia nun asunto tan importante como este, ía rexeitar a moción. Lembrou que o Pacto Local se fixo estando **D. Xosé Crespo Iglesias** como Presidente da Fegamp e **D. Emilio Pérez Touriño** como Presidente da Xunta de Galicia. Agora o seu grupo pedía o mesmo, continuar a traballar nesa liña. Non entendía a postura do goberno municipal.

Tampouco vía ven a postura do equipo de goberno **D. Xesús Cordeiro Budiño**. Coidaba que o que se solicitaba na moción era positivo xa que se trataba de ofrecer máis servizos aos

veciños, atribuíndo as funcións propias aos Concellos, e deixando que a Xunta de Galicia acometa as súas. Elo permitiría aos concellos tería máis medios e poder dar máis servizos aos veciños. Repetiu non entender neste tema as verbas do edil popular, *Sr. Román Rodríguez*, e coidaba que coma outras veces fixo: “*defendía o indefendible*”.

Por coherencia neste tema apoiaría a moción. Así reiterouno **D. Camilo Conde López** o xa dito antes.

Finalmente **D. Román Rodríguez González** reiterouse no xa dito. Afirmou que en Lalín non había un Xulgado de Paz nin tampouco centro de saúde. Respondeu con iso. Sinalou que o Pacto Local foi un primeiro paso, e este goberno actual da Xunta de Galicia do PP colleu e enfrentouse co problema dos centros de saúde e dos xulgados de paz para axudar aos Concellos e ademais deu vinte e dous millóns de euros aos concellos a través do Fondo de Cooperación.

En resumen o anterior goberno bipartito estivo tres anos e medio na Xunta de Galicia e só asumiu esa competencia da calefacción nos centros docentes; pola contra nun ano de goberno a Xunta de Galicia xa levaba dúas medidas máis e mantivo a decisión xa adoptada anteriormente, a pesar de ter un contexto económico máis desfavorable.

Na moción pedíase que o Concello de Lalín: 1. Inste ao Goberno da Xunta de Galicia a pactar coa Fegamp no prazo de dous meses un calendario de asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, centros de ensino e xulgados de paz, ata agora asumidos polos Concellos. 2. Solicite unha reunión coa Fegamp para consensuar unha postura común por parte das entidades locais ante a Xunta de Galicia para que asuma o custo do mantemento, vixilancia e limpeza dos edificios dos centros de ensino primario, de saúde e xulgados de paz.

Posta a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) sendo catro do PSDEG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **rexeitouse a moción**.

7.2.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE PARA ANALIZAR OS DATOS DO PARO EN LALÍN.-

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista do 10 de maio de 2012 presentada o día 21 de maio co número de rexistro 3361. A continuación o *Sr. Secretario* deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do 24 de maio de 2012.

Na exposición da moción, **D. Manuel María González Aller**, do grupo socialista, explicou que o nivel de desemprego en Lalín subiu un 83% en dous anos. Dúas persoas diariamente ingresaban nas listas de paro ao longo dos catro primeiros meses deste ano. Dúas mil persoas de Lalín estaban no paro. Este ano a pesar dos datos preocupantes do paro, non se mantiñan os investimentos en infraestruturas do Plan Emtra e do Programa Insértate. Doutra banda descoñecían os resultados, se estes plans foron un éxito ou un fracaso. E no orzamento do Concello no ano 2012 non había nada, ningunha partida dedicada ao emprego. Por iso presentaban a moción.

Desde o grupo nacionalista **D. Xesús Cordeiro Budiño** estaba de acordo en acceder ao solicitado. Coidaba ademais que na actual coxuntura de crise económica as empresas perdían actividade e crecemento. Lembrou os poucos éxitos do plan de emprego no téxtil, e as medidas

aplicadas para fomentar o emprego en Lalín, que caeron todas en saco foto, e fixéronse cara á galería. Rematou afirmando que coincidían coa moción en debate en moitas apreciacións e pediu ao goberno municipal que dera explicacións do plans levados a cambio a prol do emprego e dos seus resultados.

Tamén desde o PGD, **D. Camilo Conde López** dixo que miraba con preocupación este dato do paro. Había un número importante de familias que estaban no paro a consecuencia da crise económica. Cumpría recuperar a actividade económica das empresas previamente. Pediu máis concurso de ideas e máis esforzos de todos para solucionar o problema. Íase abster porque aínda que coincidía en algúns dos plantexamentos da moción, non observaba culpa algunha do Concello neste tema.

O voceiro do grupo popular, **D. Román Rodríguez González** cualificou de preocupante este tema. Lembrou que hai anos, Lalín apenas tiña paro e agora si. Había que traballar na creación de emprego. Lembrou que os dous sectores principais de Lalín como eran a construción e do téxtil estaban en crise.

Destacou que o Concello de Lalín fixo e facía o máximo esforzo para a creación de emprego. Aí estaba a licenza exprés, na que se traballaba, o plan Emtra, o asesoramento ás empresas.

Non lle valía botarlle a culpa do paro en Lalín ao Alcalde e ao equipo de goberno, que non tiñan que ver. Había que falar da era do goberno central do *Sr. Rodríguez Zapatero* e a crise económica á que nos conduciu.

A idea que quería transmitirse á cidadanía era esa, algo que era tanto como dicir que o paro de Vigo se lle debía atribuír ao Alcalde de Vigo.

A intención da moción era a de trasladar á opinión pública a idea de que o paro era culpa do Alcalde. Pero iso non era certo e non debía quedar así. O nivel de desemprego xa era preocupante, e o Concello traballa contra isto na medida que pode. Lalín non é unha illa.

De novo **D. Manuel María González Aller** reiterouse no xa dito. Leou o texto da moción. Afirmou que o voceiro, o **Sr. Román Rodríguez**, era un mentireiro ou ben non leou a moción. Tamén mentía o **Sr. Iglesias Crespo** sobre os datos do paro en Lalín e en Galicia. Na moción non se culpaba a ninguén desta situación de desemprego.

Doutra banda volveu reiterar que carecían de datos sobre a aplicación do Plan Emtra e do Insertáte, e que polo tanto diante desta situación debían presentar esta moción.

Ratificouse no xa dito antes **D. Xesús Cordeiro Budiño**. Lembrou que o edil do PP, **Sr. Román Rodríguez González**, cando se aprobou o Plan Emtra, falou de estender os beneficios fiscais ao eido do rural de Lalín. De todo isto non se fixo nin se volveu falar nada. Apoiaría a moción, e pediu datos dos planes aplicados ata hoxe.

Volveuse manifestar a prol da abstención **D. Camilo Conde López**, polos motivos expostos na súa anterior intervención.

Finalizou o debate **D. Román Rodríguez González**. Salientou que o paro era un problema para todos; isto era algo que todo o mundo o sabía. Había desemprego en Lalín, en Galicia e en España.

Rexeitarían a moción porque non sabían exactamente o que se pedía na moción. Lembrou que hai quince días compareceu a edil delegada de actividade económica neste Pleno e respondeu ás preguntas que se lle fixeron.

Na moción pedíase a comparecencia no próximo Pleno do Sr. Alcalde para analizar os datos actuais do paro en Lalín, e sobre todo para explicar as medidas que o Concello desenvolveu, está a desenvolver ou ten proxectado levar a cabo no futuro inmediato para diminuír as cifras do paro en Lalín.

Posta a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6) sendo catro do PSdeG-PSOE e dous do BNG.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: unha (1) do PGD.

En consecuencia **rexeitouse a moción.**

7.3.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE SOBRE A REPERCUSIÓN NA RECADACIÓN DO IBI ACORDADA POLO REAL DECRETO LEI 2/2011.

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista do 10 de maio de 2012 presentada o día 16 de maio co número de rexistro 3307. A continuación o *Sr. Secretario* deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do 24 de maio de 2012.

Na exposición da moción, **D. Manuel María González Aller**, do grupo socialista explicou que co R.D.L 20/2011, de 30 de decembro de 2011, o goberno do *Sr. Rajoy* subiu o IBI. Sobre este tema lembrou que o seu grupo xa fixo unha preguntas e uns rogos que non foron contestados hai uns meses. Por iso agora pedían de novo a comparecencia dos edís responsables do grupo de goberno, para que expliquen os efectos da suba.

Segundo os seus cálculos, o IBI subirá moito veces para algúns inmobles, e sen dúbida máis do que esperan os cidadáns coa suba antedita do 0,50% do tipo impositivo.

Deu varios exemplos de suba do imposto; dixo que inicialmente se partiu da base dun valor medio catastral de corenta e un mil euros, pero a eles dáballes sobre corenta e sete mil euros.

Tamén querían saber que pasaba coa bonificación que se aplicaba actualmente no rural que ascendía ao 60% da cota tributaria. Coidaba que estes eran aspectos que había que coñecer, e estrañáballes o silencio do grupo de goberno neste eido.

Rematou afirmando a incongruencia que supuña esta suba, tendo en conta a situación económica actual dos cidadáns, vindo que cada vez os soldos eran máis baixos; pola contra o IBI aprobado elevábase. Parecíalles sospeitoso este silencio absoluto do goberno municipal, tras da norma do goberno central.

Desde o grupo nacionalista **D. Xesús Cordeiro Budiño** estaba de acordo en acceder ao solicitado na moción. Lembrou que o seu grupo dende o mes de xaneiro, mediante unha moción presentada, xa criticaron esta intromisión nas competencias locais por parte do goberno central ao aprobala, aumentando os impostos. Doutra banda, estíbese continuamente a recortar servizos esenciais. “De seguir así, nesta liña, con esta política, non valerá para nada a autonomía local”, afirmou.

Tamén desde o PGD, **D. Camilo Conde López** dixo que a norma aprobada supuña máis cargas para os cidadáns, cando xa había moitas carencias noutros xeito. Lembrou que había locais e vivendas sen alugar, os cales deberán abonar un IBI máis alto con esta suba. Isto era chocante: “que, agora que non se podía vender ou alugar pisos e locais, se suban os impostos que gravaban sobre eles”. Pediu por elo unha reflexión a todos, reiterando que votaría a favor da moción.

Salientouse desde o grupo de goberno non se vía do mesmo xeito a moción. **D. Román Rodríguez González** lembrou que este tema xa fora debatido no mes de xaneiro. Agora os membros da oposición reiteraban os mesmos argumentos que entón. Daquela o BNG xa dicía na súa moción que era unha norma do Estado que se aplicaría a todos os concellos e que invadía competencias municipais.

O certo era que a día de hoxe resultaba en certo modo sorprendente que non haxa ningún concello que estea en contra desta norma, e que en xeral non se vira aos concellos protestar ou reclamar

contra a mesma.

Coidaba que con esta norma, o incremento que habería no IBI; sería unha compensación pola merma dos ingresos municipais que se produciría no ICIO e outros tributos locais debido á crise económica non abonarían estes impostos. En suma coidaba que era unha compensación que se daba aos concellos para garantirlles manter o nivel de recadación total do ano anterior.

Tamén sinalou que só afectaba aos bens inmobles que estaban cun valor catastral por enriba da media.

Coidaba que a medida obedecía a unha maneira distinta de ver e de facer política. Cando gobernaba o PSOE había máis gastos ou ingresos públicos; agora co goberno do PP había menos gastos e menos ingresos públicos.

Por alusións, primeiro **D.J.A.Cristóbal Fernández Vázquez** salientou que, se ben se anunciou que a suba sería do 4-6%, e a eles os cálculos dáballes que o aumento sería do 24% sobre o valor catastral medio dun piso por exemplo. Despois **D. Manuel María González Aller** cuestionou o feito de que o voceiro popular ignorase o alcance da dita suba e que dixese que terían que estudalo e logo informar, porque cando se tramitaron os orzamentos non se fixo nada, nin se buscou compensación algunha.

Rematou o debate **D. Xosé Crespo Iglesias**, Alcalde-Presidente, repetindo o xa dito antes: que a medida aprobada polo goberno central tentaba compensar aos concellos pola baixada que soportarían neste exercicio nalgúns dos seus ingresos municipais, tales como ICIO, o IBI, sen dúbida por mor da crise ou da desaparición de empresas e poñendo algúns exemplos de Lalín. Deste xeito os concellos ingresarían o mesmo, porque o que gañaban por un lado, perderían polo outro. O resultado sería o mesmo.

Na moción pedíase a comparecencia no próximo Pleno do Sr. Alcalde para explicar as consecuencias para os lalinenses do Real Decreto Lei 20/2011, do 30 de decembro, no que se refire ó imposto de bens inmobles, en concreto a que bens urbanos vai afectar, cal é o valor catastral medio par o presente ano, se se vai a poder seguir mantendo a bonificación do 60% da cota íntegra do imposto nos inmobles emprazados nos núcleos rurais, canto se vai a recadar por esa subida e en que se vai a investir, así como para contestar a aquelas preguntas que sobre o tema se formulan no pleno.

Posta a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) sendo catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **rexeitouse a moción.**

8.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO GALEGO.

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal do BNG do 10 de maio de 2012 presentada o día 10 de maio co número de rexistro 3150. A continuación o Sr. Secretario deulle lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do 24 de maio de 2012.

Desde o grupo nacionalista e propoñente da moción, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, defendeu esta iniciativa, dirixida a obter un pronunciamento expreso do Concello a prol do mantemento do actual ensino público.

Indicou que o actual goberno, tanto o Central como o de Galicia, estaban a levar a cabo un progresivo desmantelamento do ensino público de Galicia, cunha serie de medidas que redundaban nun empeoramento da calidade educativa. Medidas que ían desde implantar

xornadas máis amplas, ata non cubrir prazas vacantes ou a non renovar os contratos a persoal interino.

Coidaba que toda esta política ía dirixida tamén a potenciar o ensino privado en detrimento do público, contradicindo polo menos o espírito da Constitución. Rematou afirmando que, namentres recortábanse cartos para este servizo básico e esencial en toda comunidade, si que había cartos e diñeiros para o sistema financeiro, aludindo a Bankia como exemplo desta política.

Polo grupo socialista anticipou **D. Manuel María González Aller** o apoio á moción polo seu grupo. Cualificou de mentiras o que se dicía desde os gobernos central e autonómico. Dise que non se vai recortar en sanidade e en educación, pero as medidas aprobadas ían nesta dirección. En realidade *“tómanos por tontos”*, afirmou.

A política que se estaba a aplicar ía toda en detrimento do ensino e da súa calidade. Esta política representaba un paso atrás de anos, de conquistas na educación, ó igual que sucedía coa sanidade.

Hoxe miles de interinos engrosaban as listas do paro, non se cubrían as vacantes, e en suma a calidade do ensino público empeoraba.

Tamén desde o PGD, **D. Camilo Conde López**, dixo que o ensino era un servizo importante para a sociedade. Era preocupante a tendencia que había hoxe con dito servizo. Lexislouse sen preocupación. Coidaba que as medidas que se adopten como consecuencia da crise económica actual non deberan afectar a esta clase de prestacións esenciais.

O voceiro do grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** afirmou que o escoitado dos voceiros da oposición non tiña nada que ver coa realidade que había hoxe en Galicia. A economía galega tiña solvencia grazas á xestión do actual goberno.

No eido do ensino lembrou que a ratio alumno-aula seguía igual ca antes e as taxas universitarias subirían o mínimo, estando entre as máis baixas de España. As oposicións de grao estaban feitas e a oferta de bacharelato tamén. Era certo que se subiu de 18 a 20 horas lectivas semanais aos profesores, pero non se tocou a xornada semanal total.

En suma a pesar da crise económica na que estabamos inmersos, e dos recortes que se acometían, non se tocou á educación ou, se se fixo, foi con efectos moi limitados e mínimos. Isto era un logro do actual goberno da Xunta de Galicia.

Volveu ratificarse no xa dito **D. Xesús Cordeiro Budiño**. Sinalou que a responsabilidade neste tema lle correspondía ao goberno central, criticando que non se fixera nada neste eido que dea resultados, e adiantou que en datas vindeiras probablemente se subirá o IVE.

O que pasaba realmente era que o goberno do PP non ten feitos os deberes. Galicia non era comparable a Catalunya nin con Madrid, porque estas dúas comunidades prestaban servizos diferentes dos que se daban en Galicia. Aquí temos o idioma e a dispersión da poboación que non se tiñan en conta para nada. Pola contra, ben se atenderon outros aspectos, como era a capitalidade e o transporte urbano no caso de Madrid, ou o idioma e o peso da súa economía, no caso catalán. A consecuencia disto era que: “a menor gasto en educación, máis delincuencia e máis fracaso escolar”.

Tamén **D. Manuel María González Aller** dixo que había subas de impostos e redución do gasto en sanidade e educación, deixando vacantes sen cubrir, temas que se convertían en asuntos políticos sen necesidade. Logo saíu o tema de Bankia e para elo si que había cartos, e máis cartos, pero non para a educación.

De Galicia díxose que era a economía máis solvente entre todas as comunidades autónomas, pero coidaba que non era así.

Doutra banda criticou que o que defendía o voceiro popular era o contrario do que defendeu nesta sesión o PP anteriormente no tema do ensino. Antes díxose que a pesar da crise económica, o goberno da Xunta de Galicia, do PP, incrementou os gastos en varios aspectos e servizos. Pero aquí, dise que non se toca a educación. A realidade era que si que baixaron as cantidades destinadas á mesma.

De novo **D. Román Rodríguez González** volveu ratificarse en que o problema real era o déficit de España e que Galicia cumpriu cos límites establecidos polo goberno central. Por isto agora só tiña que reducir 69 millóns de euros, namentres que Catalunya recortaría 4471 e Andalucía 2500 millóns de euros.

Tamén sinalou que isto sucedía tendo en consideración que o actual goberno do PP pagou moitas débedas que o goberno bipartito anterior deixou en moitas áreas, citando a modo de exemplo as débedas dos comedores escolares.

Sobre o fracaso escolar aludido, mencionou que durante os gobernos do Sr. *Fraga Iribarne* a taxa de fracaso escolar en Galicia foi do 23%; con Touriño foi do 26 % e agora era cun 20%.

Por alusións, **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** rematou o debate sostendo que os efectos das medidas que se adoptaban desde calquera goberno non eran inmediatos, senón que se verían ao longo dun certo tempo. Tamén incidiu en que o anterior goberno bipartito cando entrou, asumiu tamén débedas que había pendentes do anterior goberno do PP.

Na moción pedíase que o Pleno Municipal solicite ao Goberno Galego que actúe como tal e que non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias.

Posta a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) sendo catro do PSDEG-PSOE, dous do BNG e un do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia **rexeitouse a moción.**

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

PSDEG-PSOE.

D^a. Beatriz García Iglesias.

PREGUNTA.- En relación coas máquinas expendedoras de discos que se ían comprar para a zona azul: ¿Que sucede coas mesmas? ¿As hai ou non?

Respondeu D. Xosé Crespo Iglesias, Alcalde-Presidente, afirmando que xa andaba o equipo de goberno niso. Tiñan sobre a mesa unha proposta atractiva e estaban a estudala. De momento os discos estaban no Concello, e despois decidirán en que lugares máis os habería. Comprando as máquinas non habería ningún problema.

Presentados de forma escrita durante a sesión.

P.G.D.

D. Camilo Conde López.

1º.- ROGO.- Que segundo apreciacións persoais, puiden comprobar que o derradeiro ano evidenciáronse a destrución dos niños das anduriñas dentro do casco urbano de Lalín.

O Sr. Presidente quedou enterado.

2º.- ROGO.- Que en relación a esta cuestión, solicito información, no sentido de que estes feitos xa se coñezan por este Concello e si se adoptaron medidas de solución o respecto e descrición das mesmas.

O Sr. Presidente quedou enterado.

3º.- ROGO.- En caso de que non fora así, solicita solucións ó respecto, xa que esas anduriñas do interior forman parte do dereito do hábitat natural, son beneficiosas na medida en que erradican os mosquitos dos que se alimentan en voo, e ademais son consideradas benefactoras dos residentes nesas edificacións. Para evitar a súa destrución o Concello pode encargarse da limpeza ou ben poñer uns taboleiros ou macetas que reduzan o efecto de suciedade que poidan xerar os seus excrementos, xa que a dita especie “esta estritamente protexida pola lexislación do patrimonio natural e da diversidade desde o ano 1977”.

O Sr. Presidente quedou enterado.

4º.- ROGO.- Atendendo a varias peticións dos veciños de Palio de Abaixo, parece ser que o tramo da estrada de Brántega, dende dita localidade ata o cruce de Brántega de Arriba, aproximadamente nun kilómetro, encontrase en moi mal estado, polo que demandan a súa reparación canto antes, e así evitar que siga deteriorándose. Pide pois o que queren os veciños.

O Sr. Presidente quedou enterado.

E, sendo as trece horas e dez minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente